



MEMORIA

CONVENIO TIPO PARA A **ASUNCIÓN** POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXIANTES MUNICIPAIS

Coa aprobación e publicación do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos galegos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local o pasado mes de novembro do ano en curso, é preciso para levar a cabo esta colaboración a sinatura dun convenio para a instrumentalización da mesma.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que *“a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”*.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017, indica *“a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”*.

Dentro deste marco regulador, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en concreto a través,





da Academia Galega de Seguridade Pública, vai cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen do corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares e policía local e de vixilantes municipais a través da delegación de competencias dos concellos galegos ao goberno autonómico.

Para iso, os concellos galegos que desexen delegar dita competencia na Xunta de Galicia, deben aprobado polo seu Pleno e asinar este convenio marco, no cal se establecen as cláusulas que rexeran dita cooperación interadministrativa.

De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, as administracións públicas actuarán baixo os principios de eficacia e coordinación, servindo con obxectividade os intereses xerais, tendo en conta ademais, que nas súas relaciones deben primar os principios de servizo efectivo os cidadáns, participación, obxectividade e transparencia na actuación administrativa xunto coa cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións, principios que supoñen a base destes convenios e buscan axilizar o actuar administrativo e acadar unha efectividade completa na cobertura de prazas vacantes nos corpos das policía locais galegas, adquirindo ademais, unha uniformidade de criterios na selección.





Este convenio tipo axustase a normativa vixente, e tendo en conta o mencionado con anterioridade e o esixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, indicase que non é posible promover a concorrência pública polas especiais características das actividades a desenvolver.

Solicítase, informe previo da Asesoría Xurídica, segundo o establecido no artigo 50.2 da citada lei 40/2015 ademais do disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares

A Estrada, 12 de decembro de 2017

O secretario xeral

Ramón Quiroga Limia

